

Primaria

**APRENDER É CRECER**

**XUNTOS 1**

Programación

## Unidade 12

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

Dona Natura

### Descrición da unidade

A unidade 12 ten como contido principal o medio natural e o seu coidado, a contaminación e a reciclaxe. Son moitas as actividades que se veñen facendo desde o ámbito escolar para afondar no coidado e protección do medio natural. A escola é a canle natural, xunto coa familia, para ensinalles aos pequenos a necesidade de respectar e protexer o noso contorno natural.

A **lectura inicial** inclúe un texto e unha páxina informativa e práctica sobre a reciclaxe e a importancia de colocar os residuos no contedor correspondente.

No apartado **Aprendo palabras** estudaremos os antónimos e no **Estudo a lingua** veremos, na parte ortográfica, a norma de uso de *c*, *z* e *qu*; e na parte gramatical, a comparación. No apartado de expresión oral e escrita, **Falo e escribo**, seguiremos co texto narrativo, oral e escrito, da mesma forma que vimos traballando as outras tipoloxías: ofrecendo pautas de redacción que sexan eficaces e, sobre todo, asequibles para os nenos e nenas destas idades. A **Tarefa** do final da unidade vaise centrar nunha efeméride que se sitúa nestas datas: o Día do Libro. Ademais incluimos un pequeno traballo moi atractivo e que ten moito éxito entre rapaces pequenos e non tan pequenos: os pictogramas e os caligramas.

Os obxectivos lingüísticos que se pretende que o alumno e a alumna alcance ao rematar esta unidade son:

1. escoitar, comprender e ler con fluidez e pronunciando correctamente textos breves comprendendo o seu sentido.
2. Escribir con corrección palabras, frases e textos e interiorizar algunhas normas ortográficas.
3. Interiorizar, de forma non teórica, categorías gramaticais como a do adxectivo.
4. Ampliar o vocabulario.

### Temporalización:

Abril:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

### LINGUA

- escoitar e comprender un conto de forma oral e poder ler o escrito que se incorpora na páxina inicial da unidade.
- Ler con fluidez e pronunciando correctamente os textos da unidade.
- Escribir con corrección e responder axeitadamente ás cuestións que se propoñen.
- Recoñecer os antónimos e empregalos de forma coherente.
- Aprender a norma ortográfica que rexe o uso de *c*, *z* e *qu*.
- Recoñecer os elementos da comparación e empregalos de forma eficaz.
- Redactar unha narración de acordo cunha secuencia pautada.

### **CIENCIAS NATURAIS**

- Facer un uso responsable dos recursos naturais, incidindo na importancia da reciclaxe e o aforro enerxético.
- Coñecer a orixe de distintos materiais e as súas características.

### **CIENCIAS SOCIAIS**

- Identificar os elementos naturais e humanos da paisaxe.
- Coñecer a importancia de coidar e protexer o contorno e non o contaminar.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

#### LINGUA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conto: <i>Dona Natura</i></li> <li>- Comprensión da lectura.</li> </ul> </li> <li>• Vocabulario.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os antónimos</li> </ul> </li> <li>• Estudo a lingua.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>C, z, qu.</i></li> <li>- A comparación.</li> </ul> </li> <li>• Falo e escribo.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Narración dun conto.</li> </ul> </li> <li>• Tarefa.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- O Día do Libro.</li> </ul> </li> </ul>	1. escoitar, ler e comprender un conto.	1.1. escoita e comprende un conto. 1.2. Le o conto da dobre páxina inicial 1.3. Identifica feitos do conto de forma correcta. 1.4. Aprende os datos necesarios no enderezo dunha carta.
	2. Recoñecer os antónimos e léxico relacionado coas plantas.	2.1. Recoñece os sinónimos. 2.2. Amplía o vocabulario relacionado coas plantas.
	3. Aprender e interiorizar a norma ortográfica do uso de <i>c, z, qu.</i>	3.1. Aprende e interioriza a norma ortográfica do uso de <i>c, z, qu.</i>
	4. Recoñecer, de forma non teórica, como se fai a comparación.	4.1. Recoñece a comparación e aplícaa correctamente nos escritos e exposicións orais.
	5. Identificar as partes dun conto e elaborar un texto escrito de acordo cunhas pautas para ordenar e expoñer a información.	5.1. Identificar as partes dun conto. 5.2. Elaborar de forma breve un conto de forma pautada e ordenada.
	6. Ler e comentar información sobre Día do Libro.	6.1. Le e comenta información sobre Día do Libro.

#### CIENCIAS DA NATUREZA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os materiais: orixe e</li> </ul>	1. Distinguir distintos tipos de materiais e as	1.1. Coñece a diferenza entre material natural e artificial.

propiedades. • Redución, reutilización e reciclaxe. • Aforro enerxético e protección do medio.	súas propiedades.	1.2. Identifica propiedades dos distintos tipos de materiais.
	2. Valorar a importancia da reciclaxe para o medio.	2.1. Coñece os distintos contedores de reciclaxe e os contidos que van en cada un deles. 2.2. Separa os distintos residuos para reciclar na casa e no cole.
	3. Valorar os recursos naturais e coñecer medidas básicas de aforro enerxético e protección do medio.	3.1. Toma conciencia dalgúns problemas ambientais. 3.2. Valora a importancia das medidas para o aforro enerxético e a protección do medio e aplícaas.

CIENCIAS SOCIAIS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
• Elementos naturais e elementos humanos do paisaxe. • A contaminación e o coidado da natureza.	1. Diferenciar entre os elementos naturais e os que son obra das persoas.	1.1. Distingue elementos naturais e elementos humanos na paisaxe. 1.2. Recoñece os efectos positivos e negativos da actuación humana no medio físico.
	2. Desenvolver actitudes positivas fronte a problemas ambientais como a contaminación.	2.1. Identifica actuacións do ser humano que contaminan. 2.2. Desenvolve actitudes positivas de coidado e protección do medio.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

#### LINGUA

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita e comprende un conto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Audición do conto <i>Dona Natura</i> da dobre páxina inicial.</li> <li>• Actividades do LD sobre o texto que inicia a unidade e animación sobre as imaxes.</li> <li>• Ampliamos os contidos co poema de Ana M<sup>a</sup> Fernández, <i>Os peixes da fonte</i> e Ánxeles Ferrer, do poemario, <i>Os señores meses</i>.</li> </ul>
1.2. Le o conto da dobre páxina inicial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura do texto que se inclúe na lámina inicial.</li> <li>• Realización da actividade asociada ao texto sobre os tipos de contedores.</li> <li>• Ampliación de contidos co conto <i>O capitán Verdemán</i> da PD.</li> </ul>
1.3. Identifica feitos do conto de forma correcta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para identificar feitos relevantes do relato.</li> </ul>
1.4. Aprende os datos necesarios no enderezo dunha carta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividade da epígrafe “Intelixencias múltiples” para aprender os datos necesarios no enderezo dunha carta.</li> </ul>
2.1. Recoñece os sinónimos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades do LA.</li> <li>• Actividades da PD.</li> <li>• Actividades do LD.</li> <li>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).</li> </ul>
2.2. Amplía o vocabulario relacionado coas plantas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades do LA.</li> <li>• Actividades da PD.</li> <li>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).</li> </ul>
3.1. Aprende e interioriza a norma ortográfica do uso de <i>c</i> , <i>z</i> , <i>qu</i> .	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades do LA.</li> <li>• Actividades, poema de Ana M<sup>a</sup> Romero Yebra, <i>Tarde gris</i>, e a canción popular portuguesa, <i>Auga leva o regueiriño</i>, da PD.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades do LD.</li> <li>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).</li> </ul>
4.1. Recoñece a comparación e aplícaa correctamente nos escritos e exposicións orais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades do LA.</li> <li>• Actividades e poema de M<sup>a</sup> Elena Walsh, <i>A vaca estudosa</i>, da PD.</li> <li>• Actividades do LD.</li> <li>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).</li> </ul>
5.1. Identificar as partes dun conto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades do LA.</li> <li>• Actividades e conto popular, <i>Tres caracois</i>, da PD.</li> <li>• Actividades do LD.</li> <li>• Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).</li> </ul>
5.2. Elaborar de forma breve un conto de forma pautada e ordenada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades do LA.</li> <li>• Actividades do LD.</li> </ul>
6.1. Le e comenta información sobre Día do Libro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura do texto do LA.</li> <li>• Actividades e poema de Beatriz Giménez de Ory, <i>Chova que chova</i>, da PD.</li> <li>• Actividades do LD.</li> </ul>

CIENCIAS DA NATUREZA

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Coñece a diferenza entre material natural e artificial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades do LA.</li> <li>• Actividades da PD.</li> <li>• Actividades de reforzo e avaliación dos RF.</li> </ul>
1.2. Identifica propiedades dos distintos tipos de materiais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades e xogos interactivos da PD.</li> </ul>
2.1. Coñece os distintos contedores de reciclaxe e os contidos que van en cada un deles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de observación do mural da unidade.</li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades e xogos da PD.</li> <li>• Actividades de reforzo e ampliación dos RF.</li> </ul>
2.2. Separa os distintos residuos para reciclar na casa e no colexio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA</li> <li>• Xogos interactivos da PD.</li> </ul>
3.1. Toma conciencia dalgúns problemas ambientais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades e xogos da PD.</li> <li>• Actividades interactivas da PD.</li> </ul>

<p>3.2. Valora a importancia das medidas para o aforro enerxético e a protección do medio e aplícaas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de traballo cooperativo: <i>Resumo de contidos. Síntese final.</i></li> </ul>
---	--

**CIENCIAS SOCIAIS**

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
<p>1.1. Distingue elementos naturais e elementos humanos na paisaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades da PD.</li> </ul>
<p>1.2. Recoñece os efectos positivos e negativos da actuación humana no medio físico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades da PD.</li> </ul>
<p>2.1. Identifica actuacións do ser humano que contaminan.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de traballo cooperativo: <i>Resumo de contidos. Síntese final.</i></li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
<p>2.2. Desenvolve actitudes positivas de coidado e protección do medio.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de traballo cooperativo: <i>Resumo de contidos. Síntese final.</i></li> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>



## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Escritura dun pequeno diálogo.
	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións...	Escoita atentamente os contos, adiviñas, poesías e cancións da unidade.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escrebe textos sinxelos a narración dun conto de forma ordenada e pautada.
	<i>Plan lector.</i> Gozar coa lectura.	Comprende os textos de lectura da unidade: conto, poemas, cantigas...
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Manexar a linguaxe matemática con precisión.	Interpreta a información nunha táboa de dobre entrada.
	Interactuar co contorno de forma natural e respectuosa.	Desenvolve hábitos de coidado do medio.
<i>Competencia dixital.</i>	Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para obter información sobre o coidado e protección do medio ambiente.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos que deber realizar no proceso de aprendizaxe.	Utiliza a observación, a manipulación e a exploración para acadar as aprendizaxes.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia lingüístico-verbal.	Aprende os datos necesarios no enderezo dunha carta.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Priorizar a consecución dos obxectivos grupais a intereses persoais.	Realiza traballos individuais e en equipo valorando as opinións propias e alleas.
	Participar nas dinámicas e xogos de grupo.	Aprende xogos tradicionais e prácticos cos compañeiros.

<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Desenvolve actitudes de diálogo e resolución de conflitos.
	<i>Educación en valores:</i> O compañeirismo.	Aprende a traballar en equipo: escoita e aprende dos demais, expón as ideas e deféndelas con argumentos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	<p>Informarse sobre aspectos do noso contorno cultural.</p> <p>Aprende cancións populares e xogos, propios do patrimonio popular galego.</p>	<p>Infórmase sobre a celebración do Día do Libro e participa nos actos que se programan para ese día.</p> <p>Descubre e xoga coas cantigas e lendas tradicionais.</p> <p>Aprende algún retrouso, xogo ou encadeado para aumentar a bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega.</p>

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Gozamos coa lectura do texto “Dona Natura”

- Lemos o conto «Dona Natura» e observamos as imaxes da lámina inicial; tamén podemos activar a animación do LD.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos da PD.
- Realizamos as actividades interactivas do LD.

### Tarefa 2: Aprendemos palabras: os antónimos e o léxico das plantas

- Introducimos o concepto de antónimos e ampliamos o coñecemento do léxico das plantas coas actividades do LA.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

### Tarefa 3: Coñecemos a orixe dos materiais e as súas propiedades.

- Observamos o mural *Os materiais e a reciclaxe* coas suxestións da PD.
- Realizamos as actividades do LA e as complementarias da PD.

### Tarefa 4: Aprendemos a lingua: Uso de *c*, *z*, *qu*. A comparación

- Repasamos a norma ortográfica de uso de *c*, *z*, *q* e identificamos os elementos da comparación e os seus usos; realizamos as actividades do LA seguindo as suxestións da PD.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, que se amplían con poemas, adiviñas, xogos e trabalinguas.

### Tarefa 5: Estudamos sobre os elementos que vemos na paisaxe e sobre a contaminación.

- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias e xogos da PD.
- Completamos coa ficha de reforzo e a de ampliación dos RF de Ciencias.

### Tarefa 6: Expresámonos oralmente e por escrito: A narración dun conto

- Realizamos as diferentes actividades do LA para narrar un conto de forma concisa. Seguimos as indicacións da PD para explicarlles as pautas que deben seguir e a orde da información.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD.

### Tarefa 7: O Día do Libro

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.
- Realizamos as tarefas do LA.

- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: especialmente os xogos tradicionais recollidos nos apartados de Recursos que permiten un traballo de integración dentro do propio grupo e con outros grupos do colexio.
- Realizamos as actividades do LD.

### Tarefa 8: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades complementarias da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Presentación de contidos de forma visual ao alumno: láminas, fotografías, imaxes.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Seguemento da lectura que pode ser dramatizada por varios nenos.
- Utilización de diferentes agrupamentos que favorezan o traballo cooperativo e o intercambio de opinións entre os iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para obter información sobre a reciclaxe, a enerxía e o medio.
- Desenvolvemento de estratexias para a resolución de problemas: lectura, esquema, subraiado...
- Utilización de diferentes fontes de información para obter información relevante sobre os contidos da unidade.
- Corrección de actividades en gran grupo para detectar os erros máis habituais.

## 8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece cadernos complementarios de **Aprendo a ler, Aprendo a escribir**
- Recursos fotocopiáveis da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiáveis de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiáveis.
- Mural da unidade: *Os materiais e a reciclaxe*.

### Recursos dixitais

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.

- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
  - <http://anayadigital.es>
  - <http://www.orellapendella.org> Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrousos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.
  - <http://el-rincon-de-lengua.blogspot.com.es>
  - <http://diverletras-letrasdivertidas.blogspot.com.es> Nestas webs podemos atopar recursos interesantes para realizar caligramas cos alumnos.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiáveis).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?